



Parlamento das Letras: Fina Casalderrey

Publicado o [15/08/2012](#)

A escrita de Fina Casalderrey agocha a ciencia antiga do levedo mellor, ese que só as de Xeve son quen conseguir e que dá por remate moi sabedeiro pan de letras. O segredo talvez estea nas augas do Lérez, por onde agora anda, sintonizando a imaxinación cos asubíos dos mil paxaros que alí confunden os campos e argallando historias sobre mutacións xenéticas, cans desaparecidos, rapazas suicidas ou misterios aluarados.

Nos intres de lecer, entre premio e premio, ten tempo para cartografar tanta variedade no país se dá de empanada enxebre ou larpeirada de gardar e aínda atende outras obrigas xornalísticas e ensaísticas co espazo ultimamente gañado mercé ao seu merecido descanso como docente case mediosecular.

Non esqueceu nunca as merendas nas leiras entre os xornaleiros contadores, nin as maxias daqueles sucedidos que lanzaba ao ar a vella radio familiar, como tampouco perdeu o acordo do pagamento en frieiras que recibían as lavandeiras fluviais, as tinturas de cores acuareladas da escola, as carrexadas de auga dende a fonte dos Tres Canos, as bruxas malvadas agochadas entre os silveirais do Gramal ou os trasnos a bater cos zocos polo tellado.

Soñadora impenitente, persiste en mesturar eses recordos con novos biosbardos que caza deitada á sombra protectora dalgunha árbore benquerida nos prados próximos ao lar, para logo transformar todo por arte de birlebirloque en, que sei eu, teatriños para os máis novos, historias gatunas ou relatos de sabios avós.

Fina Casalderrey escribiu un día: “A literatura –toda, cando o é– tamén dá vida ao inerte, achéganos o que en principio está lonxe e fai medrar os obxectos miúdos”. ¿Hai, por acaso, marabilla maior que esta de facer abrollar vida coa palabra? Escoitade o que aquela nena grande de Xeve, cabo de Lerez, ten para nos dicir e decide.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Salvando as distancias, dende moi nova investín moitas horas en emular a Rosalía dos *Cantares gallegos* –igual que moreas de mestres e mestras anónimos– recollendo cantigas, refráns, lendas, ditos... xunto con Mariano García e outros compañeiros do centro no que estiveren vinte e cinco anos. No seu día, parte dese traballo fora publicado polo concello de Moraña, por certo, despois de moitos anos de o intentar.

Exercín de mestra de escolas durante corenta anos. Nese “breve” espazo de tempo, e dende os comezos, teño feito –insisto–, como tamén fixeron moreas de ensinantes, peciñas de teatro para representar co meu alumnado. Hei dicir que, aínda que algunhas estean publicadas, eu nin

soñaba con esa posibilidade en ningún momento, non tiña ningunha pretensión nese sentido. Xerais, xa hai bastantes anos, sacou unhas cantas –sete– nun caderno de *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola*. Eran cousiñas sinxelas, facilmente representables nas nosas escolas públicas, sempre coxas de recursos (e agora máis...). E moito se teñen representado! Calquera oportunidade é pouco para agradecer canto debo nesta lea de escribir ao profesorado e ao alumnado. Para min que tiña razón Calvino con aquilo de “Eu leo, logo el escribe”.

A publicar textos narrativos comecei moi tarde; son, diría, serodia en publicar. “Eu... hei facer coma Cabanillas...”, adoitaba dicir. Todo empezou hai vinte e dous anos cando un compañeiro de escola e curmán meu leu un dos meus orixinais, *Mutacións xenéticas*, deses que eu tiña “por ter”, escritos dende había tempo, e animoume a tentar publicalo. Eu, tan só de pensar en falarlle a un editor, xa se me tinxía a cara das cores da cereixa madura, non o esquezo. Non quixen chamar e chamou el; eu limiteime a deixar o orixinal na emblemática librería Michelena de Pontevedra; alí recollérono e ao cabo dunha semana chámanme de Vía Láctea, que querían publicalo. Eu sorprendida e feliz, claro... Pouco despois, chamáronme de Bromera, en Valencia, para sacalo en valenciano e mesmo pensei, en principio, que era unha broma dun amigo. E outra vez feliz.

Eses foron os comezos... Despois veu o Premio Merlín no 1991 por *Dúas bágoas por Máquina* e as portas ao que máis me praxe, os lectores e lectoras, fóronse abrindo. Que esa historia continúe “viva” éncheme de satisfacción (Uf, xa parezo o rei!). Xerais converteuse na miña editorial por excelencia, un referente a quen hei de estar eternamente agradecida. É a “casa galega” onde máis libros teño.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Non sei... Creo que fun unha afortunada e cada día téñoa máis claro, ben sei canto lles debo a lectores e lectoras... Os premios adoitan ser portas que se abren... pero tamén son unha sorte de lotería, dependen dun número moi reducido de persoas que forman parte dun xurado, talvez outro xurado escollería outra obra; non debemos baixar a garda...

Da crítica non debería dicir nada para que sigan a exercer o seu labor sen interferencias. Pero vou por un exemplo concreto do que souben non hai moito. Polo visto, segundo revelou un dos membros do xurado despois de moitos anos, cando lle deron a *O misterio dos fillos de Lúa* o Premio Nacional en realidade íanllo dar a *O estanque dos parrulos pobres*, pero cando xa o tiñan decidido decatáronse de que non podía ser porque fora publicado no mesmo ano 1996 –no ano no que se fallaba– e as normas non permiten iso. Un dos libros chamou a atención de críticos e lectores e o outro, en principio, pasou máis desapercibido, aínda que hoxe un camiña á par do outro. A vida ten moito de sorte, de azar...

E como despois do Nacional (por certo, un premio ao que o autor, a autora, non se presenta), ata o momento, nunca máis me presentei a un premio –os que van vindo son doutro tipo, aínda que para min non menos importantes–, hai libros que quizais merecerían ter chamado máis a atención... Poño por caso: *Lúas de nácara* ou *A pomba e o Degolado*...

Só como anécdota: cando apareceu *Dúas Bagoas por Máquina* –e eu era unha descoñecida total–, na revista LEER puxeran unha crítica absolutamente laudatoria, como para “morrer dun ataque de satisfacción persoal”, de feito, téñoa gardada. Calquera no sitio! “Inteligente técnica literaria de montaje la empleada por la autora en flashback...”. Eu, conscientemente, non

“montara” nada, escribira a oito, tal e como a historia que quería contar se me ía presentando na cabeza.

En todo caso, tanto como se publica, o que teño é que estar agradecida cando alguén se detén a ler un dos libros que escribín. Xogo, ademais, con moita vantaxe se son críticas dos lectores, pois as que me chegan directamente ao meu correo adoitan ser estupendas. E as outras, cando mas reenvía algún amigo, tamén. Se son negativas e se a min non me cadra de dar con elas, ninguén me di nada directamente (risas). Daquela, como di Esquilo, oio a medias porque só oio unha parte.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non son consciente de ningunha manía, se é que as teño. En todo caso, non son manías permanentes. Ás veces gústame escribir pola mañá cedo, outras sinto ganas de escribir pola noite, outras non atopo o momento e outras non me movería do meu cuarto de traballo se puidese. É certo que me gusta especialmente o silencio, sen radio, sen música... Silencio... Pola miña condición de “troglodita”, gústame facer a primeira versión dunha historia á man, aínda que cada vez menos... Diría que non son manías, son costumes con “xustificación”. Nin tan sequera teño a manía de escribir a unha hora determinada, nin un número de caracteres cada día... Porque podo, teño a manía de escribir cando me presta. As manías, manías, quizais sexan para as “divindades” coma Madonna ou Maradona).

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Quixera crer que quen fai unha antoloxía deste tipo trata de seleccionar e abranguer minimamente o que considera que paga a pena para que quen se achegue a ela obteña unha información que lle permita compoñer un mosaico, o máis completo posible, do que se está a facer no momento. Formar parte dela prácenos máis cando consideramos que nela está xente que admiramos e respectamos. En teoría debería servir para salientar a obra, ou unha determinada obra, non o autor... En fin, que sempre hai inxustas ausencias. Gustaríame estar onde están os autores e autoras do meu tempo, onde me tocasse por estrita orde alfabética. Cando o meu nome apareceu a carón de Xabier Docampo, Paco Martín, Agustín Fernández Paz, X. A. Neira Cruz (é novo pero foi precoz), Gloria Sánchez, Marilar Aleixandre, Antonio García Teijeiro, Xoán Babarro, Ana M^a Fernández, Miguel Vázquez Freire, Antonio Reigosa, Xosé Miranda, Ramón Caride, Antón Cortizas, Pepe Carballude, Manuel Lourenzo González, Concha Blanco... non me sobraaba ninguén, pola contra, sempre me parece que hai desmemorias.

E digo do meu tempo porque hai xente nova que vén pisando forte: An Alfaya, Rosa Aneiros, Francisco Castro, Carlos Mosteiro, Marcos Calveiro... e outra que estou a descubrir aínda...

O malo que ten poñer nomes é que, en canto xa non ten remedio, acórdaste doutra xente á que tamén admiras e deixaches atrás.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

No dispoño da distancia necesaria para atopar unha perspectiva obxectiva. Creo que son xuízos alleos os que se han de interpoñer aos nosos. Si, podo dicir que, malia os anos que xa vivín, procuro manterme no camiño de ida, abrindo as portas do mundo, aprendendo o que podo, por se acaso é certo iso de que quen desexa firmemente ter talento acabará por conseguilo. Sánchez Silva, o único Andersen español ata o momento, para animar a escribir literatura infantil a Delibes díxeralle: “No te creas que escribir para niños es escribir para tontos”. Pois iso é algo que teño sempre moi presente, sei que son máis novos ca min, non menos intelixentes e que calquera

tema pode ser tratado, se tivéssemos talento para contarllelo de maneira fermosa e axeitada. Quizais por iso escribín sobre a violencia de xénero (*Ola, estúpido monstro peludo!*, *Xela volveuse vampira!*), sobre a morte (*O estanque dos parrulos pobres...*), as persoas con discapacidades intelectuais (*Ás de mosca para Anxo*) ou físicas (*O misterio do Faro Vello*)... Gústanme as historias que, mesmo botando man da fantasía, manteñen un pé na realidade.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Creo que as lecturas que me acompañan nin sequera son as que eu nomee neste momento porque me veñan agora á cabeza. Esas cousas nótanse en como escribes, en como falas, en como actúas, en como respiras...

Esta é unha pregunta que sempre me resulta incómoda de responder. Non son quen de deixar de pensar en que seguro que deixo atrás alguén que me habita profundamente e que neste momento non se me ocorre. Son ademais consciente de que hai moreas de obras coas que non dei e que, se as descubrise, me engaiolarían de por vida. Desconfío moito de cando todo o mundo nomea as mesmas cousas, coma se houbese un andazo xeral que fai que entre miles e miles de libros todo o mundo escolla os mesmos. Pero vaia... se teño que dicir alguén, poño por caso, gústanme Delibes ou José Luis Sampedro, gústame como escriben e ata como falan, vaia, un deles, como falaba. As lecturas que me “acompañan” realmente son aquelas que xa se me notan en como falo, en como escribo, sen precisar cartel colgado... Gozo moito cando descubro un autor, unha autora, de quen non sabía e me engaiola, coma cando lin, por poñer un exemplo, *Enderezo descoñecido*, unha deliciosa novela epistolar de Katherine Kressmann Taylor, ou *O baile* de Irène Némirovsky, que fala da vinganza dunha adolescente para con súa nai, unha nova rica en París.

Adoito reler máis a poesía que a prosa, quizais porque esquezo os versos pero non as sensacións que me produciron e quero recuperar. Gústame beber os versos como beben os paxaros: erguendo a cabeza de cando en vez e ollando cara ao infinito, que ás veces está dentro de min. E cando teño a sorte de dar con poetas como Manuel Álvarez Torneiro, noto que léndoo a el é coma se, de camiño, estivese a ler a Neruda, a Hierro, a Miguel Hernández... aos grandes todos nun e na miña lingua, un privilexio.

Gústame dar con autores que, á súa vez, teñen moitas lecturas enriba, pero que non pretenden repugnar co seu alarde de sapiencia; non o precisan, nótaselles. E diría que, aínda que quizais sexamos colectivamente necesarios, ninguén é individualmente imprescindible.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Se soubese o que lles falta xa estaría a facer coma o home de negocios que atopou o Principiño no cuarto planeta que visitou. Sería eu quen me fixese dona das estrelas porque a ninguén se lle ocorre antes. Non sei se sobran páxinas, autores..., pero estou certa de que aínda nos falta crer en nós mesmos sen agardar a que primeiro nos descubran fóra. Hai unha diglosia que vai máis alá do uso da lingua e que nos fai crer que todo o que nos vén de fóra é mellor por forza.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Uf, está visto que hai deberes que non debemos deixar para última hora porque nos atordaríamos!

Creo que non me perdoaría deixar deberes importantes sen facer que están no meu mundo dos afectos: un quérote á miña xente nun papeliño (por aquilo de “deixar por escrito”), unha aperta,

un tempo dedicado... Creo que o perdoaría todo menos iso. Angustiaríame que o bosque non me permitise ver as árbores, e non ao revés.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Un fervedoiro difícil de avaliar, pero un fervedoiro á fin. E iso antóllaseme estupendo!!

Teñen que pasar anos para que todo o que agora se move, fai ruído ou abalea, apousente e ver que queda. E aínda así, pode haber valiosas ausencias. Cantas veces pasan décadas ata que se rescata unha obra mestra que no seu día foi ignorada? E outras intúo que aínda seguen a agardar.

Hai xente nova que escribe sen complexos, sen vivencias persoais de ventás cegas ao coñecemento do noso, sen que os séculos de silencio e escuridade os habiten, porque non formaron parte do seu presente, que leron en galego e que saben de nós mesmos dende o comezo dos seus días... e a min paréceme xenial.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Que todo o inventa o raio da aurora, que cando deixemos de escribir persoalmente, polas circunstancias que sexan, non digamos “Está todo dito”. Deixemos que outros, outras contén a súa mirada sobre o mundo porque o mundo non se esgota, como di o poeta, porque uns ollos o observen. Aproveito para agradecerche que contribúas a facer visible unha literatura que aínda precisa que as e os investigadores pousen a mirada sobre ela.